



PLAN DIXITAL

C.I.F.P. Rodolfo Ucha
Piñeiro

[Versión 1.6 xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O centro CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro (código 15006778) está situado na Avenida Castelao, nº 64 – 15406 no concello de Ferrol (A Coruña). No centro impártense ciclos formativos de grao básico, medio e superior, así coma cursos de especialización e outras ensinanzas pertencentes ás seguintes familias:

- Actividades físicas e deportivas.
- Administración e xestión.
- Comercio e márketing.
- Edificación e obra civil.
- Hostalaría e turismo.
- Informática e comunicacións.

Na actualidade, ao ser un Centro Integrado de Formación Profesional ofrece cursos AFD (accións formativas para desempregados) e tamén participa no proceso para a Acreditación das Competencias Profesionais a partir da experiencia laboral.

O número de alumnado durante o curso 2021/2022 ronda os 1000 estudantes con arredor de 80 docentes.

O centro destaca pola labor coa contorna empresarial a través das colaboracións da impartición do módulo de FCT (formación en centros de traballo), así como na FP dual. Dispón de gran cantidade de aulas informatizadas contando todas elas con canón de vídeo proxección. Tamén dispón dun Viveiro de Empresas coa dotación de espazo físico específico: aula emprende, e a Aula Externa onde se imparten as Accións Formativas para Desempregados (cursos AFD).

Ao ser un Centro Integrado de Formación Profesional, está inmerso no sistema documental do sistema de xestión de Calidade, estando certificado por AENOR na norma ISO 9001:2015 o cal é sometido a auditoría externa cada curso académico.

Datos de contacto:


- Páxina web: <https://www.cifprodolfoucha.es>
- Correo electrónico: cifp.rodolfo.ucha@edu.xunta.es

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- **Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro**

O CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro localízase na avenida Castelao número 64 da cidade de Ferrol, dentro do barrio de Caranza, o máis populoso dos que conforman o noso concello.

É un barrio periférico dentro do concello ao que pertence, construído na década dos setenta do século pasado para acoller á poboación desafiuzada da demolida barriada de Esteiro (que hoxe ocupa un moderno barrio onde se sitúa o campus universitario da cidade). Caranza, pola contra, conta cunha poboación envellecida e con baixas taxas de poboación activa.



A área de influencia na que se atopa este centro educativo é a que se deu en chamar Ferrolterra, que abarca as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal. Trátase dunha área cunha demografía deprimida por mor dos problemas económicos e sociais que se remontan á crise no sector da construción naval vivida a nivel internacional durante a década dos 70. Novas crises reproducíronse en anos posteriores ao longo deste medio século e afectaron de forma moi considerable aos estaleiros situados na comarca que, entre crise e crise, non foron quen de volver a acadar o esplendor que antano tiveron. Tampouco neste tempo foi posible lograr a tan ansiada diversificación do tecido industrial para non depender do monocultivo do naval.

A mediados dos 70 era xa manifesto o exceso de capacidade produtiva nas instalacións navais es nos estaleiros de Ferrol e Fene que deseguido traduciríanse nun excedente de man de obra. Cuestión inevitable foi, polo tanto, a redución de persoal nos estaleiros e en toda a industria auxiliar que xiraba ao seu redor. Consecuencia de todo iso foi a alta taxa de desemprego.

Sucesivos intentos de reconversión industrial levada a cabo polo goberno central e con importantes incentivos financeiros e fiscais para as empresas que se asentaran na zona, como foron a "Zona Urxente de Industrialización" (ZUR) levada a cabo no período 1983-1987, a "Zona Industrial en Declive" (ZID) no período 1988-1992 e a "Zona de Promoción Económica" (ZPE) entre os anos 1993 e 1999, fracasaron ou ben tiveron resultados moi inferiores aos esperados. Froito de todo isto, foi a perda de case 9.000 empregos directos dende o inicio da crise ata mediados dos anos 90, con efectos devastadores para toda a comarca ferrolá, deixando múltiples secuelas económicas, sociais, demográficas e empresariais.

A cidade de Ferrol sufriu unha constante perda de poboación, que se pode cifrar en máis de 25.000 habitantes, e que a día de hoxe se continúa .

Con todo, e a pesar das dificultades herdadas, nos albores do século XXI comezouse a dotar á área dunha das maiores ofertas de solo industrial da comunidade galega, e rachouse co tradicional illamento da comarca grazas á chegada da autoestrada do Atlántico. A proximidade de Ferrol a importantes centros de actividade, distribución e loxística, así como a finalización de determinadas infraestruturas como o porto exterior de Ferrol, a súa conexión por camiño de ferro, a mellora da conexión coa cornixa cantábrica, etc. debían converter a Ferrol nun destino atractivo para o investimento empresarial privado que permitira diversificar o seu tecido industrial, historicamente dependente da construción naval.

Un tren do século XIX, e a crise do euro derivada da crise crediticia e hipotecaria de 2008 foron en contra desas expectativas.

A presenza na cidade de Centros Técnicos Especializados en I+D+I como son o CIS (Centro de Innovación e Servizos, Deseño e Tecnoloxía), o Centro Tecnolóxico do Naval Galego e o CIT (Centro de Innovación Tecnolóxica) da Universidade da Coruña, deben fornecer ás empresas de persoal cualificado cos coñecementos técnicos necesarios para a incorporación de novas tecnoloxías nos procesos produtivos e de xestión, favorecendo a implantación de novas entidades competitivas na zona e a competitividade entre as xa existentes.

En concreto o CIS, ademais da xestión e potenciación das actividades I+D+I, (Con 6 proxectos vixentes e 12 xa rematados a día de hoxe 30 de setembro de 2021) apoia a capacitación de estudantes, titulados, investigadores e profesionais a través de actividades de difusión, sensibilización e formación en áreas tecnolóxicas do coñecemento. Pon a disposición tamén, espazos de co-working para apoiar o emprendemento e a aparición de star-ups especialmente relacionadas co deseño e a tecnoloxía. Ofrecen asesoramento tecnolóxico a proxectos da rede de aceleradoras de GAIN (Axencia Galega de Innovación) e promoven actividades coma o programa D'tec para fomentar as vocacións científico-tecnolóxicas entre os estudantes poñendo en valor a importancia da innovación, a ciencia e a tecnoloxía.

De resultados de toda esa actividade deriváronse certos éxitos coma a robotización e dixitalización da filmación stop-motion, unha aplicación virtual sobre a construción naval no século XXI, un simulador virtual de condución autónoma, un sistema múltiple de captación e transformación de enerxía mareomotriz pysis 06, e outras.

Ademais o 22 de setembro de 2021 inaugurouse na sede do CIS, o CESENA (Centro de Excelencia de Sector Naval).

As previsións de reactivación económica son boas no contexto do Estado e agárdase que isto repercute favorablemente nas nosas comarcas. Ademais, o éxito e o adiamento da fin do mecanismo de ERTes posto en marcha por mor da pandemia e con acordo social, e mailo arranque da construción efectiva das fragatas F110 programadas polo goberno nas instalacións de Navantia en Ferrol, xunto co desenvolvemento deste estaleiro coma un estaleiro 4.0, agoiran un futuro económico máis próspero e un relanzamento das empresas do sector naval e a súa industria auxiliar. O proxecto implantación do estaleiro 4.0 busca impulsar a modernización das instalacións e o aumento da eficiencia dos procesos produtivos da factoría actual, con operacións máis robotizadas, con sistemas de control máis dixitalizados e con produtos de máis estandarización, que repercutan tanto na redución de custos e de prazos, como na mellora da calidade. Estes investimentos serían tamén o fundamento para garantir a competitividade do estaleiro e competir en novas licitacións e contratos internacionais a futuro.

Actividades económicas predominantes e emerxentes

Dada a historia de Ferrol, e como xa se podía intuír con moito do comentado anteriormente, a actividade económica predominante nas

nosas comarcas vén sendo a industria naval, grazas á localización da empresa NAVANTIA, empresa pública pertencente á SEPI (Sociedade Estatal de Participaciones Industriales, dependente do Ministerio de Hacienda y Función Pública), que é un referente mundial na construción naval. Consecuencia da presenza en Ferrol desta importante industria, existen numerosas empresas auxiliares do sector que viven ao pairo, e sometidas aos vaivéns da mellor ou peor situación da empresa naval que as subcontrata.

Hai que ter en conta tamén a importancia que na economía de Ferrol representa a base naval da Mariña de Guerra Española (Arsenal e demais dependencias anexas).

A construción naval militar foi, e vai seguir sendo nun futuro inmediato grazas ao programa de construción das fragatas F110, un motor moi importante para que o sector naval siga sendo un pilar fundamental da economía e o emprego en Ferrolterra. Ademais estamos falando de que a construción destas fragatas vai supoñer un salto tecnolóxico cara a conseguir buques intelixentes que incorporarán tecnoloxías da industria 4.0 e precisarán de man de obra especialmente cualificada e formada tanto para a súa construción como para o seu manexo operativo.

Respecto ás actividades económicas emerxentes debemos citar ao turismo. Dada a nosa localización nunha ría e nunha costa privilexiadas con quilómetros de praias virxes, excepcionais para a practica de deportes náuticos coma o surf, a comarca está sendo un crecente polo de atracción que alenta novas iniciativas emprendedoras de actividades relacionadas co sector. Isto unido a sermos cabeceira do Camiño Inglés a Santiago de Compostela e a que esta é a ruta que proporcionalmente máis está medrando nestes dous Anos Santos consecutivos, fai que a oferta do sector servizos vencellada a todo isto estea en constante crecemento. Tampouco debemos desprezar a posta en valor e o tirón que iso supón, de Ferrol coma unha cidade ilustrada, cun patrimonio civil e militar modernista que se pretende que opte a Patrimonio Mundial da Humanidade. Por último, pero non menos importante, a comarca ofrece outros atractivos en auxe coma o Xeoparque do Ortegal, as Fragas do Eume, a ría do Barqueiro e vilas de enorme atractivo coma Pontedeume, Mugardos, Cedeira, Ortigueira, Redes etc.

- **Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro: traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, programas de innovación nos que participa, ...**

Na sociedade actual a utilización das TIC é algo fundamental que ademais irá en incremento continuo. Por esta razón, e tendo en conta ademais que o CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro é un centro de Formación Profesional co obxectivo fundamental de formar ao alumnado para que adquira as competencias dunha profesión, non soamente as básicas senón tamén as máis avanzadas que permitan que dito alumnado poida inserirse no mercado laboral o mellor formado posible, é claro que o Plan dixital terá que pasar a formar parte do Proxecto Educativo (Proxecto Funcional, no caso dos CIFP). De feito, este centro educativo xa incorpora no Proxecto Educativo dende hai bastantes cursos contidos similares aos incluídos no Plan Dixital posto que cada ano participa nas diferentes convocatorias relacionadas coa innovación na Formación Profesional: Proxectos de innovación na FP, Programa de conversión de aulas en espazos de tecnoloxía aplicada (o centro dispón dun espazo deste tipo), Programa de Aulas de emprendemento, Contratos-programa, Plan Proxecta, PFPP, etc. De seguro o centro tamén participará noutros proxectos de innovación que se convoquen no futuro.

- **Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23**

Se o Plan dixital contribúe ao Proxecto Educativo tal e como se indicou anteriormente, tamén terá unha importancia relevante na Programación Xeral Anual (Plan anual, no caso dos CIFP) posto que dita Programación conterá propostas concretas do centro para o curso 2022/23. Deste xeito, na Programación Xeral Anual incluíranse aspectos como:

- Obxectivos relacionados coas TIC, tal e como xa se vén facendo dende hai bastantes cursos.
- Medidas e recursos que axuden a conseguir eses obxectivos.
- O programa de formación do profesorado, que incluírá actividades formativas para mellorar as competencias TIC de dito profesorado.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

O proceso de elaboración do PD dentro do Equipo de Dinamización do Plan Dixital realizouse nas seguintes fases:

- A mediados de novembro, planifícase o proxecto e preparase o cuestionario SELFIE para a recollida de datos inicial.
- Durante a primeira quincena de decembro está aberto o cuestionario SELFIE para que teña lugar a participación de dirección, profesorado e alumnado guiados neste caso polos seus titores.
- O 15 de decembro envíanse os resultados do cuestionario SELFIE ao equipo ADIX.
- A finais de febreiro realízase o cuestionario TDD dende a aplicación Fprofe para avaliar a competencia dixital docente.
- O 21 de marzo ten lugar a sesión de formación para a elaboración do DAFO, que se é completado polo grupo de traballo nas dúas semanas seguintes.
- O 21 de abril ten lugar a sesión de formación para a elaboración do Plan de acción, que se é completado polo grupo de traballo nas dúas semanas seguintes.
- A finais de maio elaborase o documento final que recolle o Plan Dixital do centro.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- **Infraestrutura.** O centro conta cunha infraestrutura moi completa. Todas as aulas contan con ordenadores, están cableadas e dispoñen de electrónica de rede. Ademais hai dous puntos de acceso sen fíos: un corporativo para uso dos docentes e outro específico para o ximnasio. Tamén se dispón de infraestrutura de voz onde é necesario.
- **Equipamento dispoñible.**
 - O centro conta cun total de 671 ordenadores, 697 nas aulas e 74 noutras estancias. Estes últimos distribúense como segue:

Estancia	Nº ordenadores
Biblioteca	10
Sala de profesorado	4
Departamento de Actividades físicas e deportivas Departamento de Hostalaría e turismo	4
Departamento de Administración e xestión	5
Departamento de Comercio e márketing	6
Departamento de Edificación e obra civil	4
Departamento de Informática e comunicacións	11
Departamento de Dinamización de idiomas Departamento de FOL	4
Departamento de Información e orientación laboral	1
FCT Programas internacionais	2
Emprende	2
Viveiro de empresas	6
Salón de actos	2
Taller de reparación	2
Aula de Espazos de tecnoloxía aplicada (tenda Comercio)	1
Cuarto de limpeza	1
Conserxería	1
Hall (pantalla)	1
Oficina	3
Dirección	1
Xefatura de estudos	1
Vicedirección Secretaría	2
TOTAL	74

- A totalidade das aulas atópanse dixitalizadas coa seguinte distribución por departamentos:

Departamento “Actividades físicas e deportivas”	
Aula	Nº ordenadores
4	4
Ximnasio	1
TOTAL	5

Departamento “Edificación e obra civil”	
Aula	Nº ordenadores
11A	11
11B	10
TOTAL	21

Departamento “Administración e xestión”	
Aula	Nº ordenadores
9	31
10	31
128	31
135	31
136	31
137	31
TOTAL	186

Departamento “Hostalaría e turismo”	
Aula	Nº ordenadores
121	1
122	29
TOTAL	30

Departamento “Comercio e márketing”	
Aula	Nº ordenadores
120	31
123	31
124	31
127	31
TOTAL	124

Departamento “Informática e comunicacións”	
Aula	Nº ordenadores
8	16
125	31
129	31
130	21
131	31
132	31
133	31
134	31
Taller	2
TOTAL	225

Todas as aulas contan ademais cun canón proxector e dúas cun dispositivo de pantalla de videoconferencia.

- **Servizos dixitais educativos** dos que dispón o centro:
 - Páxina web do centro e aula virtual.
 - Comunicación cos estudantes e as familias a través de espazoAbalar, Abalarmóbil e o servizo de videoconferencia Webex.
 - Aplicacións de xestión académica: XADE e Programacións.
 - Sistema de correo electrónico corporativo.
 - Outras aplicacións web e servizos para usos específicos.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bach.	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.				2.8	
	Profesorado				2.5	
	Alumnado				-	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.				2.9	
	Profesorado				2.5	
	Alumnado				2.9	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.				3.8	
	Profesorado				3.2	
	Alumnado				3.4	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.				3.3	
	Profesorado				3	
	Alumnado				-	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.				3.4	
	Profesorado				3.9	
	Alumnado				4.1	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.				2.8	
	Profesorado				3.2	
	Alumnado				3.6	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.				2.8	
	Profesorado				2.8	
	Alumnado				3.2	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.				3.6	
	Profesorado				3.3	
	Alumnado				3.5	

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	26	51	51 %
PROVISIONAL	4	15	26,7 %
INTERINO	7	11	63,6 %
SUBSTITUTO	6	13	46,2 %

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
86,3	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
F.P.	86	Integrador/a (B1)	80,3	Integrador/a (B1)
C.E.	109,7	Experto/a (B2)	94,8	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	2,3 %
A2	11	25,6 %
B1	21	48,8 %
B2	8	18,6 %
C1	2	4,7 %
C2	3	7 %
TOTAL	46	100,00%

Outras fontes: Situación socioeconómica específica da área de influencia do centro.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C1,C2,C3 - Infraestrutura, dispositivos dixitais para a ensinanza e acceso a Internet	
	PERSOAL DOCENTE	E1 - Uso de recursos educativos en liña E4 - Comunicación con la comunidade educativa F1 - Adaptación ás necesidades do alumnado F4 - Inclusión do alumnado	A4 - Tempo para explorar o ensino dixital.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	H8 - Aprender a comunicarse H15 - Habilidades para a cualificación profesional	
	FAMILIAS		
	OFERTA	A3 - Uso de novas modalidades de ensinanza	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		A2 - Desenvolvemento da estratexia co profesorado A6 - Participación das empresas na estratexia dixital do centro
	LEXISLACIÓN	A5 - Coñecemento das normas sobre dereitos de autor e licenzas de uso	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Pertenza á rede de centros integrados de FP	
	LEXISLACIÓN		Cambios continuos na lexislación educativo e falta de acceso a normativas actualizadas
	CONTORNA		Situación do centro nunha cidade en progresiva recesión socioeconómica cun descenso da poboación
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		

Así mesmo, detectáronse as seguintes discrepancias, víndose necesario destacalas para a realización dunha análise pormenorizada:

- G9. Discordancia no emprego de datos para mellorar a aprendizaxe, onde o equipo directivo o valora moito máis positivamente que o profesorado.
- C10 - Discordancia na dispoñibilidade de dispositivos para o alumnado. O alumnado considera que hai pouca e o profesorado e o equipo directivo suficiente.
- C13 - Discordancia na posibilidade de traer o seu propio equipo por parte do alumnado, o profesorado e o equipo directivo.

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A elaboración do Plan de Acción realizouse a partir da análise DAFO, establecendo áreas prioritarias e determinando os obxectivos que se busca conseguir e sempre restrinxido polos resultados obtidos. Os obxectivos están contextualizados a unhas áreas de mellora que gardan relación coas do marco DigCompOrg. En concreto nesta primeira fase, defínense os seguintes:

- Obxectivo 1. Reforzar a competencia dixital do profesorado no manexo da aula virtual.
- Obxectivo 2. Reforzar a competencia dixital do profesorado na elaboración de recursos dixitais para Ciclos Formativos.
- Obxectivo 3. Reforzar o nivel de infraestruturas do centro.
- Obxectivo 4. Incrementar a participación das empresas na estratexia dixital do centro.
- Obxectivo 5. Impulsar o desenvolvemento profesional do profesorado cunha asignación horaria específica.
- Obxectivo 6. Promover a creación dun repositorio de documentación coa lexislación educativa actualizada xunto a outros centros.

3.1.1 Obxectivo 1. Reforzar a competencia dixital do profesorado no manexo da aula virtual.

Detéctase que se pode mellorar no manexo da aula virtual, principalmente incorporando un maior número de recursos dixitais nos cursos correspondentes a cada módulo, integrando o sistema de cualificacións. Así mesmo motivar e incentivar ao seu uso por parte do profesorado que actualmente realiza un uso residual do mesmo. O primeiro paso será analizar o uso real actual da aula virtual e a través de formación específica potencialo.

3.1.2 Obxectivo 2. Reforzar a competencia dixital do profesorado na elaboración de recursos dixitais para Ciclos Formativos.

No tocante ao uso dos recursos educativos na aula virtual detectase tamén marxe de mellora. Por un lado a nivel colaborativo, sería beneficioso incorporar un repositorio de recursos comúns que poidan empregar diferentes docentes enfocando estes recursos cara a súa integración co sistema de cualificación da aula virtual e un maior aproveitamento das posibilidades de elaboración que permite esta plataforma, servindo de exemplo para o resto do profesorado. Este obxectivo gardará relación co 4 no sentido de recoller as necesidades detectadas de empresas representativas de cada sector que favorecendo así a súa participación na estratexia dixital do centro.

Dentro das accións a realizar para a consecución deste obxectivo se buscará elaborar un mínimo de 10 recursos dixitais durante o primeiro curso no que teña aplicación.

3.1.3 Obxectivo 3. Reforzar o nivel de infraestruturas do centro.

Neste obxectivo comezarase por determinar o estado actual das infraestruturas a nivel de comunicación e equipamento do centro, para indagar acerca da discrepancia detectada, principalmente entre profesorado e equipo directivo co alumnado. Tratarase de determinar os medios cos que conta actualmente cada familia profesional para ver se teñen as súas necesidades cubertas, buscando que cada estudante poida dispoñer do seu propio dispositivo.

3.1.4 Obxectivo 4. Incrementar a participación das empresas na estratexia dixital do centro.

Con este obxectivo buscarase facer partícipes ás empresas do noso contorno da estratexia dixital do centro, a través da recollida de necesidades específicas de formación e capacitación dos estudantes. Agárdase que o estudio destas necesidades permita definir novas liñas de traballo para cada familia profesional a través da adaptación do plan de formación e da elaboración de recursos educativos actualizados e orientados cara as necesidades reais das empresas.

3.1.5 Obxectivo 5. Impulsar o desenvolvemento profesional do profesorado cunha asignación horaria específica.

Con vistas a poder levar a cabo os obxectivos do plan vese como imprescindible que o profesorado dispoña dunha asignación horaria específica dentro do seu horario que lle permita participar nas actividades formativas, de elaboración de recursos dixitais e grupos de traballo que teñan lugar.

3.1.6 Obxectivo 6. Promover a creación dun repositorio de documentación coa lexislación educativa actualizada xunto a outros centros.

O último obxectivo tentará poñer fin a unha das ameazas recollidas no DAFO que é o problema de ter acceso a unha normativa actualizada. Entendo que este problema é común a todos os centros adscritos ao plan, a idea é promover que se dea unha solución a nivel xeral buscando axilizar os procedementos administrativos e mellorando a calidade xeral do ensino.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Á vista dos resultados obtidos e do equipamento e infraestrutura actual do centro non semella necesaria a mellora de infraestruturas tecnolóxicas, equipamento e servizos dixitais educativos, se ben detectouse unha discrepancia que se terá en conta para afondar na súa investigación debido a que pode que esa necesidade se limite a algunha familia en concreto, recollida como o obxectivo número 6 do plan.

Área/s de mellora: Liderado (A) e Pedagogía: Apoios e recursos (E)						
OBXECTIVO 1:	Reforzar a competencia dixital do profesorado no manexo da aula virtual (A2*, E2**)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a grupo de traballo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de módulos impartidos a través da aula virtual.					
Valor de partida	Non aplica (sen datos previos). Pendente de determinar no tocante a módulos impartidos na primeira acción.					
Valor previsto e data	90% dos módulos impartidos a través da aula virtual.			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1 – Análise da situación inicial	Grupo de traballo	28/10/2022	Moodle e táboa de cotexo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2 – Fomentar o uso da aula virtual e formación específica adaptando o plan de formación do profesorado.	Grupo de traballo	31/03/2023	Moodle		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3 – Seguimento e revisión dos módulos impartidos a través da aula virtual.	Grupo de traballo	30/06/2023	Moodle e táboa de cotexo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(*A2: Desenvolvemento da estratexia co profesorado, **E2: creación de recursos dixitais)

Área/s de mellora: Pedagogía: Apoios e recursos (E)						
OBXECTIVO 2:	Reforzar a competencia dixital do profesorado na elaboración de recursos dixitais para Ciclos Formativos (E2*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a PFPP				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de recursos dixitais creados polo profesorado participante no PFPP					
Valor de partida	Cero en recursos dixitais.					
Valor previsto e data	10 recursos dixitais elaborados.			29/03/2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1 – Adaptación do plan de formación do profesorado para incentivar o uso da aula virtual e a creación de recursos dixitais.	Profesorado do PFPP	28/10/2022	Acta de reunión, ferramentas ofimáticas e orzamento en formación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2 - Elaboración de recursos dixitais enmarcados nas aulas virtuais para a súa reutilización en diferentes módulos.	Profesorado do PFPP	30/06/2023	Moodle e ferramentas ofimáticas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.4 – Valoración do uso dos recursos dixitais elaborados por parte do profesorado e alumnado.	Profesorado do PFPP	29/03/2024	Enquisa de satisfacción		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(*E2: creación de recursos dixitais)

Área/s de mellora: Infraestruturas e Equipos (C)						
OBXECTIVO 3:	Reforzar o nivel de infraestruturas do centro (C8*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Nº e clasificación de dispositivos a disposición dos estudantes por familias profesionais					
Valor de partida	Non aplica. Pendente de determinar a partir da discrepancia obtida no SELFIE.					
Valor previsto e data	Un dispositivo de uso individual a disposición de cada alumno/a.			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1 – Detección de necesidades específicas por familias profesionais	Xefes/as de departamento	16/12/2022	Táboa de cotexo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2 – Adquisición de novos dispositivos acorde ás necesidades detectadas	Xefes/as de departamento	30/06/2023	Orzamento		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(*C8: Dispositivos dixitais para a aprendizaxe)

Área/s de mellora: Colaboración e redes (B)						
OBXECTIVO 4:	Incrementar a participación das empresas na estratexia dixital do centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a do grupo de traballo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Empresas participantes por familias					
Valor de partida	Non aplica, xa que actualmente non se contempla.					
Valor previsto e data	Recollida de necesidades para un mínimo de 5 empresas representativas por familia profesional.			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1 – Identificación de obxectivos e recollida de necesidades formativas.	Grupo de traballo	16/12/2022	Ferramentas ofimáticas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2 – Análise das necesidades para impulsar novas liñas de traballo por familias ou ciclos.	Grupo de traballo	31/03/2023	Ferramentas ofimáticas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3 – Adaptación do plan de formación do profesorado cara as novas liñas de traballo.	Grupo de traballo	30/06/2023	Acta de reunión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Desenvolvemento profesional continuo (D)						
OBXECTIVO 5:	Impulsar o desenvolvemento profesional do profesorado na competencia dixital cunha asignación horaria específica				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Tempo total destino a formación dentro do horario.					
Valor de partida	Non aplica, xa que actualmente non se contempla.					
Valor previsto e data	Dúas horas de dedicación á formación continua do profesorado participante e un maior peso á hora de rexistrar "outras actividades".			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO5.1 – Adaptación dos horarios para permitir incorporar as novas necesidades formativas	Xefe/a de estudos	30/06/2023	Ferramentas ofimáticas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Colaboración e redes (B)						
OBXECTIVO 6:	Promover a creación dun repositorio de documentación coa lexislación educativa actualizada xunto a outros centros (B3*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a do grupo de traballo intercentros				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Valoración do funcionamento do repositorio e cantidade documentación actualizada incorporada.					
Valor de partida	Non aplica, xa que actualmente é inexistente.					
Valor previsto e data	Valoración positiva para a información recollida.			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO6.1 – Recollida de necesidades para Ciclos Formativos e establecemento do grupo de traballo	Grupo de traballo intercentros	16/12/2022	Acta de reunión.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2 – Elaboración dun sitio web estruturado por categorías con facilidade de uso e dispoñibilidade de buscador	Grupo de traballo intercentros	30/06/2023	Orzamento.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.3 – Valoración do uso do repositorio por parte do profesorado.	Grupo de traballo intercentros	30/06/2023	Enquisa de satisfacción.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(*B3: Colaboracións)

4. Avaliación do plan

Establecerase un procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, tendo en conta:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora e continuidade dos mesmos.

5. Difusión do plan

Unha vez presentado ante o claustro e oído este, se a dirección o aproba, será elevado como informe ao consello social. Por outra banda, publicarase na web do centro para facelo accesible a toda a comunidade educativa.

Plan Dixital

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano Académico	Estado
15006778	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	Ferrol	2024/2025	Plan pechado-seguemento

1. Vixencia

Vixencia	Data
Curso inicio	2024/2025
Curso fin	2024/2025
Data de actualización	10/12/24
Data aprobación consello	30/01/25
Data aprobación claustro	10/12/24

2. Introducción

Xustificación do Plan Dixital en relación coa normativa vixente :

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

Contextualización do Plan e contribución o Proxecto Educativo: Na sociedade actual a utilización das TIC é algo fundamental que ademais irá en incremento continuo. Por esta razón e tendo en conta que é un

centro de FP co obxectivo fundamental de formar ó alumnado que adquira ás competencias dunha profesión é claro que o Plan Dixital terá que pasar a formar parte do Proxecto Funcional (nos CIFP). De feito, este centro educativo xa incorpora no Proxecto Educativo dende hai bastantes cursos contidos similares ós incluídos no Plan Dixital, posto que cada ano participa nas diferentes convocatorias relacionadas coa innovación na Formación Profesional.

Proceso de elaboración. Realízase o longo do curso 2021/22 nas seguintes fases: A mediados de novembro, planifícase o proxecto e preparase o SELFIE para a recollida de datos inicial, primeira quincena de Decembro está aberto o SELFIE para que teña lugar a participación de dirección, profesorado e alumnado guiados polos seus titores, o 15 de decembro envíanse os resultados do SELFIE ao mentor ADIX, a finais de febreiro realízase o TCDD dende a aplicación Fprofe, o 21 de marzo ten lugar a sesión de formación para a elaboración do DAFO, que é completado polo grupo de traballo nas dúas semanas seguintes, o 21 de abril ten lugar a sesión de formación para a elaboración do Plan de acción, que é completado polo grupo de traballo nas dúas semanas seguintes, a finais de maio elaborase o documento final que recolle o Plan Dixital do centro e no mes de xuño presentase e aprobase o Plan Dixital

3. Contexto DAFO

3.1. Instrumentos de recollida de información previa

Os instrumentos empregados para a recollida de información previa son o Selfie, o Test de Competencia Dixital Docente e outras fontes

3.2. Análise interna

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Debilidade	A2-Desenvolvemento da estratexia co profesorado	Organización de centro	Si
Debilidade	A6- Participación das empresas na estratexia dixital do centro	Organización de centro	Si
Debilidade	A4 - Tempo para explorar o ensino dixital.	Persoal docente	Si
Fortaleza	H15 - Habilidades para a cualificación profesional	Alumnado	Non
Fortaleza	H8 - Aprender a comunicarse	Alumnado	Non
Fortaleza	C1,C2,C3 - Infraestrutura, dispositivos dixitais para a ensinanza e acceso a Internet	Infraestruturas	Si
Fortaleza	A3 - Uso de novas modalidades de ensinanza	Oferta	Non
Fortaleza	A5 - Coñecemento das normas sobre dereitos de autor e licenzas de uso	Outras	Non
Fortaleza	F1 - Adaptación ás necesidades do alumnado	Persoal docente	Non
Fortaleza	E1- Uso de recursos en liña	Persoal docente	Si
Fortaleza	F4 - Inclusión do alumnado	Persoal docente	Non
Fortaleza	E4- Comunicación con la comunidad educativa	Persoal docente	Non

3.3. Análise externa

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Ameaza	Cambios continuos na lexislación educativa e falta de acceso a normativas actualizadas	Lexislación	Non
Oportunidade	Pertenza á rede de centros integrados de FP	Administración educativa	Non
Oportunidade	Sector naval con importante carga de traballo que actúa de motor económico na comarca	Contorna	Non

4. Obxectivos

4.1. Listaxe de obxectivos

Código	Obxectivo
O01PD	Reforzar a competencia dixital docente, incrementando a porcentaxe de docentes con perfil de Integrador (B1) e Experto (B2).
O03PD	Reforzar e inventariar o equipamento TIC do centro
O04PD	Dixitalización dos procesos administrativos do centro
O05PD	Xeralizar a comunicación da comunidade educativa a través de ferramentas corporativas

4.2. Datos do obxectivo O01PD

Código	Estado
O01PD	Pendente

4.2.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Persoal docente - A4 - Tempo para explorar o ensino dixital.

4.2.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Claustro cun nivel de competencia dixital B1	0	30%				

4.2.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
A01.1 Obradoiros mensuais sobre aplicacións/plataformas dixitais.	31/01/2025	
Responsables	Grupo de Trabajo	
Destinatario	Profesorado	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
Numero de modulos impartidos a través da aula virtual	Sen datos Previos	90% dos módulos impartidos a través da aula virtual	

Acción	Data máxima	Temporalización
A01.2 Formación sobre software libre, dereitos autor, avaliación.	31/03/2025	
Responsables	Grupo de Trabajo	
Destinatario	Profesorado	

Acción	Data máxima	Temporalización
A01.3 Emprego na aula da creación e edición de recursos audiovisuais como metodoloxía de traballo habitual.	30/06/2025	
Responsables	Grupo de Trabajo	
Destinatario	Profesorado	

4.3. Datos do obxectivo O03PD

Código	Estado
O03PD	Pendente

4.3.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Organización de centro - A2-Desenvolvemento da estratexia co profesorado

Debilidade - Organización de centro - A6- Participación das empresas na estratexia dixital do centro

4.3.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Equipamento TIC do centro inventariado	20%	50%				

4.3.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
A03.1 Actualización do software de inventariado do centro	31/01/2025	
Responsables	Xefaturas dos departamentos	
Destinatario	Todos os departamentos	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
Nº e clasificación de dispositivos a disposición dos estudantes por familias profesionais	Non definida debido a discrepancia obtida do selfie	Un dispositivo de uso individual a disposición de cada alumno/a.	

Revisión	Data	Arquivo
Inventarios	20/11/2023	Calendario NOVIEMBRE formacio¿n.pdf

Acción	Data máxima	Temporalización
A03.3 Introducción de datos por parte do equipo e publicación do inventariado	30/06/2025	
Responsables	Grupo de Trabajo	
Destinatario	Grupo de Trabajo	

Acción	Data máxima	Temporalización
A03.2 Adquisición de software específico para ás distintas familias profesionais.	30/06/2025	
Responsables	Xefes/as de departamento	
Destinatario	Todos os departamentos	

4.4. Datos do obxectivo O04PD

Código	Estado
O04PD	Pendente

4.4.1. Elementos DAFO relacionados

Fortaleza - Infraestruturas - C1,C2,C3 - Infraestructura, dispositivos dixitais para a ensinanza e acceso a Internet

4.4.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Procesos administrativos do centro dixitalizados	10%	20%				

4.4.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO4.1 Definir procesos administrativos susceptibles de dixitalización	31/03/2025	
Responsables	Grupo de traballo	
Destinatario	Alumnado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO4.2 Definir protocolos e ferramentas de dixitalización para cada un dos procesos	30/06/2025	
Responsables	Grupo de traballo	
Destinatario	Alumnado	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
Empresas participantes por familias profesionais	0	Recollida de necesidades para un mínimo de 5 empresas representativas por familia profesional.	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO4.3 Implantar a dixitalización dos procesos seleccionados.	30/06/2025	
Responsables	Grupo de traballo	
Destinatario	Profesorado	

4.5. Datos do obxectivo O05PD

Código	Estado
O05PD	Pendente

4.5.1. Elementos DAFO relacionados

Fortaleza - Persoal docente - E1- Uso de recursos en liña

Fortaleza - Infraestruturas - C1,C2,C3 - Infraestrutura, dispositivos dixitais para a ensinanza e acceso a Internet

4.5.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Comunicacións realizadas a traves de ferramentas corporativas	50%	70%				

4.5.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO5.2 Emprego de ferramentas de comunicación abalar, abalar box, xade	30/06/2025	
Responsables	Grupo de Trabajo	
Destinatario	Todo o profesorado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO5.1 Establecer modelos de comunicación internos, externos (familias, empresas, etc)	30/06/2025	
Responsables	Xefe/a de estudos	
Destinatario	Profesorado	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
Tempo total destino a formación dentro do horario.	0	Dúas horas de dedicación á formación continua do profesorado participante e un maior peso á hora de	

5. Seguimento

5.1. Procedemento para o seguimento

- O Equipo de Dinamización do Plan Dixital realizará unha reunión trimestral para valorar a evolución do plan.
- A persoa mentora ADIX realizará visitas ó centro para analizar coa persoa coordinadora do Plan do centro o desenvolvemento do mesmo.

- A persoa coordinadora do Plan dixital terá acceso ó seguimento do plan en educaldade para rexistrar a evolución do mesmo

5.2. Primeiro trimestre

5.3. Segundo trimestre

5.4. Terceiro trimestre

6. Avaliación

6.1. Procedemento para a avaliación

Establecerase un procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, tendo en conta:

- No contexto da avaliación procesual a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da avaliación final a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora e continuidade dos mesmos.

6.2. Valoración xeral

6.3. Propostas de mellora

7. Comunicación e difusión

7.1. Procedemento para a comunicación e a difusión

Unha vez aprobado pola Dirección do Centro darase coñecemento do mesmo ó Consello Social. Por outra banda, publicarase na web do centro para facelo accesible a toda a comunidade educativa.

8. Outros datos

9. Anexos